

## Fiare Como colaborar:

Podes colaborar de moitos xeitos, todos eles son importantes e necesarios. Son fundamentais as **aportacións económicas**, pero tamén son **indispensables o traballo de difusión e formación, a participación nos grupos locais e nos Grupos de Iniciativa Territorial (GIT) Fiare Galiza Sur** (provincias de Pontevedra e Ourense) **ou Fiare Galiza Norte** (provincias de Coruña e Lugo), a cesión dun **espazo** no propio local, etc.

Anímate! e convértete en:

### • Socio/a:

Contribuirás co teu tempo á construción e á difusión do proxecto, participando con voz e voto na toma de decisións.

Achega de capital social: persoas físicas, mínima de **300 €**; persoas xurídicas, mínima de **600 €**; empresas, concellos..., mínima de **1800 €**.

Achega de fondos adicionais para gastos de constitución do proxecto (fondo perdido): a partir de **30 €** as persoas físicas, e a partir de **300 €** as persoas xurídicas.

### • Persoas voluntarias

Finalmente, para todas as organizacións e persoas que **queren contribuír na construción de Fiare**, pero **non poden facer unha achega de capital**, constituímos esta figura. Son persoas que **contribúen co seu tempo a divulgar o proxecto e nos permiten estar máis preto do territorio**. A capilaridade é esencial para un proxecto como o noso.

O porqué da **achega a fondo perdido**:

- Devolver ou compensar as achegas a fondo perdido das distintas territoriais que entraron antes ca nós e o adianto que fixeron no seu día varias persoas socias que permitiron arrancar o proxecto.

- Cubrir unha parte do orzamento de gastos de funcionamento da actual estrutura de Fiare: salarios, alugueiros, materiais, ...

## Fiare Participa!

Participar en Fiare é moi sinxelo. Podes atopar información máis detallada en:

Web: [www.proyectofiare.com](http://www.proyectofiare.com)

Blog: [www.fiaregz.com](http://www.fiaregz.com)

Tamén en facebook e twitter!

Ou achegarte aos puntos de información e difusión:

**En Vigo:** na Parroquia do Cristo da Victoria (Rúa Baiona 9 baixo) os luns de 17 a 19 h.; no local de Árbore (Rúa Arquitecto Pérez Bellas 5), os mércores pola tarde (primeiros e últimos de cada mes de 18 a 20:30 h.) e os mércores pola mañá (de 11:30 a 13 h.); e en [grupovigo@fiaregz.com](mailto:grupovigo@fiaregz.com).

**Na Coruña:** [grupocoruna@fiaregz.com](mailto:grupocoruna@fiaregz.com)

**En Ourense:** na tenda de comercio xusto de Solidariedade Internacional de Galicia (Rúa Bailén 6 -detrás do concello) en horario de tenda e en [grupourense@fiaregz.com](mailto:grupourense@fiaregz.com)

**No Carballiño:** na sede do Cineclubo Carballiño (Auditorio Municipal) todos os venres de 19:30 a 1 h. e en [grupourense@fiaregz.com](mailto:grupourense@fiaregz.com).

**En Santiago de Compostela:** en Panxea (Rúa da Rosa 36 baixo) os martes de 17:15 a 20:30 h. e en [grupocompostela@fiaregz.com](mailto:grupocompostela@fiaregz.com)

**En Pontevedra:** no local de Amarante-Setem (Rúa Conde San Román 9) de 11 a 13:30 e de 17 a 20 horas (luns a venres) e en [grupopontevedra@fiaregz.com](mailto:grupopontevedra@fiaregz.com)

**En Lugo:** [grupolugo@fiaregz.com](mailto:grupolugo@fiaregz.com)



Tamén podes aclarar as túas dúbidas nos correos electrónicos dos dous Grupos de Iniciativa Territorial (GIT) que hai en Galiza:

**Fiare Galiza Sur:**  
[galizasur@proyectofiare.com](mailto:galizasur@proyectofiare.com)

**Fiare Galiza Norte:**  
[galizanorte@proyectofiare.com](mailto:galizanorte@proyectofiare.com)

Fiare   
Banca Ética

Un banco nas mans da cidadanía

Banca ética  
Aforro responsable  
Cooperativa  
Participativa  
En rede  
Xustiza social  
Transparente  
Democrática  
Carácter non lucrativo  
Rendibilidade  
Transformación social  
Sustentable  
Cidadá

Ti constrúes a banca ética

fai <sup>te socio/a</sup> <sup>o teu banco</sup> !!!



Campaña de captación de capital social

## Fiare Que é Fiare?

Fiare é un proxecto que nace en 2003 para a promoción da banca ética e se estende por todo o territorio estatal.

Participamos na construción dunha cooperativa de crédito europea que dirixa os seus esforzos cara a todas as persoas e entidades que traballan para transformar a nosa sociedade nunha realidade máis xusta, participativa e inclusiva. Queremos que sexa un instrumento en mans de toda a cidadanía activa que quere recuperar a xestión dos seus aforros e dirixilos cara a proxectos e actividades que xeren un impacto social positivo e rexeneren a sociedade.

## Fiare Os nosos valores

**Criterios éticos.** Partimos da premisa de que a actividade económica debe rexerse tamén por criterios éticos. Trátase de non permitir que o noso aforro apoie economicamente calquera tipo de actividade (armamentismo, explotación laboral, destrución medioambiental...) e sirva, en cambio, a actividades socialmente positivas.

**Crédito ao servizo da xustiza.** Un valor principal deste proxecto é a súa vocación de transformación e inclusión social mediante o crédito. De aquí que os ámbitos prioritarios de traballo sexan a cooperación ao desenvolvemento, a inserción de persoas en situación de risco de exclusión social, a sustentabilidade medioambiental ou o cooperativismo.

**Aforro responsable, participación e transparencia.** Este proxecto require da participación activa de persoas e entidades que poñan os seus aforros ao servizo dunha proposta bancaria alternativa. Un instrumento financeiro en mans e ao servizo da cidadanía, no que a transparencia e a participación son as marcas de identidade.


**Carácter non lucrativo e interese común.** O noso enfoque sobre a rendibilidade é alternativo ao que convencionalmente se utiliza no ámbito financeiro e bancario. Aínda que son necesarias a viabilidade efectiva e a sustentabilidade do proxecto, a rendibilidade e o beneficio económico non son o noso obxectivo.

## Fiare Un proxecto en rede

Un aspecto esencial da identidade do proxecto está en que se fundamenta no protagonismo de redes cidadáns. Trátase de poñer en mans da cidadanía a decisión e o control sobre o bo uso dos seus cartos, particularmente en mans das entidades e persoas comprometidas coa transformación das nosas sociedades inxustas (como o comercio xusto, as empresas sociais e de inserción, a cooperación ao desenvolvemento ou a produción e o consumo ecolóxico).

Progresivamente, co apoio destas entidades e de persoas individuais, vanse constituíndo asociacións territoriais socias que se suman ao proxecto, permitíndonos estar preto do territorio e coñecer as necesidades e prioridades da sociedade en cada momento.

## Fiare Presenza Territorial



## Fiare Fiare Galiza

En xaneiro de 2010 constituíuse a territorial galega, Asociación Fiare Galiza (Fiare GZ), e en xaneiro de 2013 os dous Grupos de Iniciativa Territorial (GIT), o GIT Fiare Galiza Sur e o GIT Fiare Galiza Norte. Os seus obxectivos son:

- Fomentar a creación dunha sólida e ampla base social (persoas, colectivos, entidades...).
- Contribuír na captación de capital social e fondo perdido.
- Implicarse segundo as propias posibilidades: economicamente, con traballo gratuíto, cedendo un espazo nun local, na web, na difusión do proxecto, etc.
- Difundir os principios de Fiare e facer posibles os logros que nos propuxemos.

## Fiare Fiare e a Banca Popolare Etica.

Desde 2004 Fiare vén funcionando como prestadora de servizos financeiros de Banca Popolare Etica (BpE), unha entidade de referencia na banca ética europea. Isto permite a Fiare ofertar depósitos e préstamos. Para máis información sobre os produtos ofertados pódese consultar [www.proyectofiare.com](http://www.proyectofiare.com).



Desde o ano 2012 estamos no proceso de integración coa BpE o que permite a creación dunha cooperativa de crédito europea e a posibilidade de ter produtos propios e adaptados á realidade e idiosincrasia do estado español que comezará a ser unha realidade durante o segundo semestre de 2014.

**fai** te socio/a  
o teu banco !!!